

- g) Medio de publicación do anuncio de licitación: Perfil do Contratante.
3. Tramitación e procedemento:
- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Negociado sin publicidade.
4. Orzamento base de licitación. Importe neto 141.323,27 IVE (16 %) 22.611,72 Importe total 163.934,99 euros:
5. Adxudicación:
- a) Data: 15/07/2010
- b) Contratista: Soluciones y Equipamientos de Oficina, S.L. (SEOFI; S.L.)
- c) Importe de adxudicación. Importe neto 141.323,27 IVE (16 %) 22.611,72 Importe total 163.934,99 euros:
- O Grove, 20/07/2010.—O Alcalde, José A. Cabelos Rico. **2010008460**

* * *

P O I O

Aprobándose inicialmente este regulamento polo pleno do 25/05/2010 e non presentándose reclamación ningunha contra o devandito regulamento durante o prazo de 30 días a contar desde a publicación da aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia do 23/06/2010 enténdese aprobado definitivamente de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, procedendo a súa publicación.

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE POIO

O Consello Municipal de Deportes configúrase como un ente institucional de dereito público, consultivo do goberno municipal, que facilita a participación das entidades deportivas na toma de decisións relativas a este sector.

O Consello Municipal de Deportes do Concello de Poio é un órgano colexiado de participación que se constitúe ó amparo do establecido na Constitución Española (artigos 9-12 e 23-1), na Lei 7/85 Reguladora das Bases do Réxime Local; na Lei 30/922 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia; no Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Polo, e no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (artigos 130 e 131) que autoriza a creación, composición, organización e ámbitos de actuación dos Consellos Sectoriais mediante acordo plenario.

**T I T U L O I
DISPOSICIONS XERAIS****ARTIGO 1. CREACION E DENOMINACION**

O pleno da Corporación Municipal de Poio acorda a creación do Consello Municipal de Deportes do Concello de Poio, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente Regulamento.

ARTIGO 2. FINALIDADE

O Consello Municipal de Deportes configúrase como instrumento básico de participación, negociación e concertación das entidades do ámbito deportivo para asesorar, formular propostas e transmitir opinións á Administración Local, Autonómica e Central co fin de fomentalo desenvolvemento deportivo no seu ámbito territorial.

O Consello Municipal de Deportes configúrase como un órgano colexiado de carácter consultivo, que debe facilitar a participación das entidades deportivas do Concello na vida municipal mediante a creación de canles de asesoramento e diálogo que contribúan ó desenvolvemento do sector.

ARTIGO 3. FUNCIONS

O Consello Municipal de Deportes terá as seguintes funcións:

- Coñecer os criterios e liñas xerais do anteproxecto de orzamentos ós efectos de avaliación no relativo ás materias deportivas.
- Coñece-los criterios e liñas xerais dos programas municipais globais ou sectoriais do ámbito deportivo.
- Emitir informes por pedimento dos órganos de goberno municipais ou da Comisión informativa correspondente.
- Emitir informes ou propostas por iniciativa propia sobre os aspectos xerais ou concretos da política deportiva no ámbito municipal.
- Establecer canles de relación cos sectores sociais interesados ou destinatarios da política deportiva municipal.
- Propoñer e/ou realizar actividades deportivas de ámbito municipal.

ARTIGO 4. SEDE DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

O Consello Municipal de Deportes terá a súa sede na Casa do Concello, ou noutro lugar que determine o Goberno Municipal do Concello de Poio.

TITULO II COMPOSICIÓN

ARTIGO 5. COMPOSICION

O Consello Municipal de Deportes terá a seguinte composición:

1. O Presidente, que será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.
2. Un representante, membro da Corporación Municipal de Poio, de cada grupo político con representación no Concello.
3. Un representante, membro da directiva das Escolas Deportivas Municipais.
3. Un representante de cada clube e asociación deportiva legalmente constituída e rexistrada neste Concello, que acredite un mínimo de dous anos de actividade deportiva neste municipio.
4. Un representante da Consellería de Deportes da Xunta de Galicia.
5. Un representante dos Centros de Ensino do Concello de Poio que será elixido/a por e entre os mesmos, no ámbito dos centros públicos e privados. O pleno do Consello Municipal de Deportes elixirá o representante sempre que non houberse acordo entre os mesmos.

ARTIGO 6. DESIGNACION E DURACION DO MANDATO

Os membros do Consello serán designados e nomeados por un mandato de catro (4) anos, renovable por períodos de igual duración. Os mandatos faranse sempre coincidir coas lexislaturas políticas municipais.

Cada un dos representantes poderá ter un substituto que exercerá as súas funcións en caso de ausencia xustificada.

Os membros do Consello serán designados polos órganos competentes das diversas asociacións e entidades indicadas anteriormente. Poderán ser substituídos polas entidades, organizacións ou asociacións que os designen; neste caso, os nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, o tempo que reste para o cumprimento do mandato xeral.

ARTIGO 7. CESAMENTO

Os membros do Consello cesarán ou perderán a citada condición por algunha das seguintes causas.

1. Cumprimento do mandato para o que foi elixido.
2. Renuncia expresa ante o Presidente do Consello e, neste caso, ante o Pleno do Consello.
3. Declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.
4. Proposta das entidades ou asociacións que promovesen a súa designación.

5. Os representantes nomeados por cada clube ou asociación perderán a súa representación cando acumulen dúas faltas anuais de asistencia en convocatoria ordinaria, sen xustificación e sen representación previa.

TITULO III FUNCIONAMENTO

ARTIGO 8. ORGANOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

O Consello Municipal de Deportes actuará a través dos seguintes órganos:

- Pleno.
- Presidente.
- Vicepresidente.
- Secretario.
- Coordinador Deportivo

ARTIGO 9. PLENO

1. O Pleno é o órgano supremo de decisión e formulación da vontade do Consello.

2. O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 5, baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario.

3. Os votos dos membros do Pleno serán persoais, podendo nomear as asociacións ou clubs un suplente para a súa representación que conste rexistrado na aprobación da acta de constitución da súa asociación ou clube, e non delegables, recoñéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

4. As votacións poderán ser secretas a petición da maioría simple dos asistentes.

5. En caso de empate nas votacións resolverá o voto de calidade do Presidente.

6. O Pleno reunirse en sesión ordinaria, cando menos, unha vez ó cuatrimestre. Así mesmo, poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou un tercio dos seus membros. Ás citadas sesións poderán asistir especialistas técnicos ou persoas competentes na materia cando se considere necesario, os cales participarán con voz, máis sen voto.

7. Para a válida actuación do Pleno será necesaria a maioría absoluta, en primeira convocatoria; e a asistencia alomenos dun tercio dos seus membros en segunda convocatoria.

En todo caso, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario, ou de quen legalmente os substitúa.

8. Poderán formarse comisións de traballo ou mesas sectorias das diferentes modalidades deportivas, as cales estarán presididas polo Presidente, e un representante, de cada grupo político membro da Corporación Municipal de Poio que, por encargo do Pleno, desenvolvan estudos específicos que se

consideren necesarios, e informen ó Pleno do seu desenvolvemento e conclusións.

ARTIGO 10. O PRESIDENTE

O Presidente será o Alcalde ou o membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Son funcións do Presidente:

1. Dirixir as actuacións do Consello Municipal de Deportes e ostentar a súa representación.
2. Convocar as sesións do Consello, presidilas e modera-lo desenvolvemento dos debates.
3. Elaborar a orde do día das sesións do Consello.
4. Ordenar a publicación dos acordos do Consello.

ARTIGO 11. O VICEPRESIDENTE

O Vicepresidente será designado polo Presidente.

As súas funcións son substituír ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade do mesmo.

ARTIGO 12. O SECRETARIO

O Secretario será un funcionario municipal a designar pola Xunta de Goberno Local do Concello de Poio.

Son funcións do Secretario:

1. Asistir, con voz e sen voto, ás sesións do Consello.
2. Custodia-la documentación do Consello.
3. Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados a súa custodia, co visto e praxe do Presidente.
4. Estende-las actas das sesións, autorizalas coa súa sinatura e visto e praxe do Presidente, e darlle curso ós acordos que se adopten.
5. Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello ou sexan inherentes á súa condición de Secretario.

ARTIGO 13. O ASESOR DEPORTIVO

O Asesor Deportivo será un funcionario municipal ou persoal laboral adscrito especificamente ao servizo de Deportes do Concello de Poio, a designar polo Presidente/a.

Son funcións do Asesor:

- 1.—Asistir, con voz e sen voto, ás sesións do Concello, cando sexa requerido polo/a presidente/a do Consello Municipal de Deportes.
- 2.—Executar e facer cumprir os acordos do Consello Municipal de Deportes seguindo as instrucións da/o Presidenta/o.
- 3.—Exercer cantas facultades se lle deleguen expresamente polo Consello ou Presidente e que sexan inherentes a súa condición de Asesor Deportivo.

4.—Comunicar ó persoal encargado das instalacións municipais as horas de funcionamento das mesmas.

5.—Posibilitar traballos de investigación e desenvolvemento (I + D).

DISPOSICION FINAL

En todo o non previsto neste Regulamento, o funcionamento do Consello aterase ó Réxime Xurídico establecido para os órganos colexiados nos artigos 22 e 27 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O que se fai público para xeral coñecemento, facéndose constar que contra o acordo e Regulamento aprobado, pode interpor recurso contencioso-administrativo, na forma e prazo legalmente establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Poio, 02 de agosto de 2010.—O alcalde, Luciano Sobral Fernández.

2010008695

A N U N C I O

O Pleno do concello de Poio, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2010, aprobou inicialmente os expedientes nº12/2010 e 14/2010 de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais e de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais segundo os expedientes que se expuxeron ao público para o seu exame polos interesados e presentación de reclamacións durante o prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Transcorrido o prazo de exposición ao público sen presentarse reclamación ningunha, enténdese elevados a definitivos os acordos plenarios de conformidade co disposto no artigo 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O resumo por capítulos do orzamento municipal vixente unha vez incorporadas as modificacións orzamentarias aprobadas queda do seguinte xeito:

ESTADO DE INGRESOS

	ANTERIOR	MODIFICACION	TOTAL
1 IMPOSTOS DIRECTOS	3.029.220,27		3.029.220,27
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	200.000,00		200.000,00
3 TAXAS E OUTROS DOCUMENTOS ...	3.167.100,00		3.167.100,00
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.253.283,08		3.253.283,08
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	191.500,00		191.500,00
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.141.121,71		2.141.121,71
8 ACTIVOS FINANCIEROS	1.713.041,62	1.164.848,49	2.877.890,11
9 PASIVOS FINANCIEROS	1.020.000,00		1.020.000,00
TOTAL INGRESOS	14.715.266,68	1.164.848,49	15.880.115,17

